CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro nº 1_Convento

36995, San Xóan, Poio

concellopoio.gal

Ángel Moldes Martínez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 26/03/2024
HASH: 8cddf58ce3d17e5e348baa90e19c6206
CONCELLO DE POIO

Extracto das Bases do XXXII Concurso Literario Xaime Illa Couto

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

1) Ámbito xeográfico:
   - **Ata 17 anos**: será requisito ter empadroamento no concello de Poio ou matrícula nun centro educativo deste concello.
   - **De 18 anos en diante:** a participación non ten limitación xeográfica, sempre que se cumpran as demais normas do concurso.

2) As **modalidades** do concurso serán dúas:
   - Relato curto ou conto.
   - Poesía.

3) As **categorías** son as seguintes:
   - Categoría A: de 6 a 8 anos.
   - Categoría B: de 9 a 11 anos.
   - Categoría C: de 12 a 13 anos.
   - Categoría D: de 14 a 15 anos.
   - Categoría E : de 16 a 17 anos.
   - Categoría F: de 18 anos en diante.

A idade das persoas participantes deberá estar cumprida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

4) Os traballos serán de **carácter individual e inéditos,** quedando expresamente prohibido plaxiar, copiar ou reproducir traballos alleos.

5) Cada participante poderá presentar un **único traballo por modalidade**.

6) Os traballos deberán estar escritos en **lingua galega**.

7) O **tema** será libre.

8) A **extensión** dos traballos será como máximo de tres folios por unha soa cara (para relato curto ou conto) e dun folio por unha soa cara (para poesía).

Os traballos mecanografados entregaranse a tamaño de letra 12 e espazo interlineal dobre. Os traballos manuscritos entregaranse nun formato lexible.

9) Os traballos serán **entregados** en calquera dos seguintes centros:
   - No servizo de Cultura do Concello de Poio (andar baixo- Casa Consistorial), ou por correo certificado (Praza do Mosteiro 1, 36995, San Xoán de Poio).
   - Nos seguintes centros de ensino: CEIP Viñas, CEIP Lourido, CEIP Isidora Riestra, CEIP Chancelas, CEIP Espedregada e no IES de Poio.
   - Nos locais das Asociacións colaboradoras e membros do Consello

Cod. Validación: 6SXX9553JQPZNR7HPCAWLN7SS
Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Municipal de Cultura: S.C.D. de Raxó; S.C.D. de Samieira; Ateneo Corredoira de Combarro; Asociación Boureante da Seara; Asociación Vides Novas de San Salvador.

10) Cada traballo presentarase en **dous sobres pechados:**

- No interior do SOBRE 1: un exemplar da obra a presentar no concurso.
- No interior do SOBRE 2: os datos persoais da persoa participante:
  - Nome, idade, enderezo e teléfono.
  - No caso de escolares tamén incluirán o curso e o nome do seu centro de ensino.
- No EXTERIOR de ambos os dous sobres deberá constar:
  - Título da obra.
  - Modalidade e categoría na que participa (ver puntos 2 e 3 destas bases).
  - Idade do autor/a.

11) O **xurado** estará formado por unha representación elixida para o efecto polo Consello Municipal de Cultura. O xurado determinará a necesidade de recorrer ao asesoramento de técnicos/as na materia. A presidencia de honra do xurado permanecerá vacante en lembranza de Don Xaime Illa Couto. O fallo do xurado será inapelable.

12) O Consello Municipal de Cultura resérvase o **dereito de publicar** e/ou facer o uso que considere oportuno dos traballos presentados.

13) Os **premios** serán os seguintes:

*CATEGORÍAS A, B, C, D: premio de 90 euros (para cada unha destas catro categorías e nas dúas modalidades), diploma e agasallo conmemorativo.

*CATEGORÍA E: premio de 110 euros (para cada unha das dúas modalidades), diploma e agasallo conmemorativo.

*CATEGORÍA F: premio de 400 euros (para cada unha das dúas modalidades), diploma e agasallo conmemorativo.

14) O **prazo de entrega dos traballos** rematará o **mércores 24 de abril de 2024**, ás 14 horas.

15) O xurado **fallará os premios** o **xoves 09 de maio de 2024**.

16) O xurado poderá considerar **deserto os premios** do grupo F, no caso de que os traballos presentados non acaden unha calidade aceptable.

17) A **entrega de premios** realizarase no transcurso do acto que se celebrará o venres 17 de maio de 2024, ás 17.30 horas, no salón de actos do Centro Cultural Xaime Illa Couto (Raxó).

18) A participación no concurso supón a **aceptación** das presentes bases.

O alcalde

Asinado dixitalmente á marxe

Cod. Validación: 6SXX9553JQPZNR7HPCAWLN7SS
Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2